



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN
PROVINCIAL DE CONFRARÍAS DE PESCADORES DA CORUÑA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar coa Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 14.04.2021 ata o 16.12.2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña co fin de financiar as inversións que leve a esta institución sen ánimo de lucro a acadar a mellora da competitividade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que se trata dunha subvención nominativa porque na Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 figura a dotación orzamentaria no capítulo VII de Transferencias de Capital, 15.03.722A.781.3, proxecto 2014 00639, destinada a financiar convenios coas federacións de confrarías de pescadores para realizar determinadas inversións.

E de conformidade co artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

Que co fin de mellorar a competitividade propia e das confrarías pertencentes ao seu ámbito provincial ten a intención de crear e distribuír a través dos portais de descarga máis importantes unha aplicación para móbil que permitirá aos membros das confrarías o acceso inmediato á información que sexa xerada dende a súa confraría o dende a propia federación.

A información que se pretende dar dende esta aplicación comprendería toda a necesaria para o desenvolvemento do seu traballo como plans de explotación, aperturas e peches, situación e predicións meteorolóxicas e incluso posibilidade de acceso a accións formativas, ademais de calquera comunicación do seu interese como axudas que se publiquen posto que





poderán seleccionar as notificacións que desexan recibir, e todo elo dende o seu propio teléfono móbil sen ter que desprazarse a ningunha oficina física para consultar as novidades e podendo gardar no propio terminal para a consultala no momento que desexen e incluso poder compartila de xeito sinxelo.

O acceso a través do móbil, tamén redunda na redución no gasto de papel, o cal a parte de ser un aforro económico tamén unha mellora medioambiental, ademais o feito de que sexa inmediato o acceso a todo tipo de información laboral e especializada á súa organización sectorial redundará nunha maior eficacia na toma de decisións e xestión do traballo diario o que redundará nun aumento da produtividade e mellora na competitividade dos membros das organizacións incluídas no seu ámbito de actuación.

Estes investimentos previstos coa axuda da Consellería do Mar teñen por obxectivo o progreso na eficiencia da prestación das actividades e dos servizos propios da federación, o que se enmarca nos obxectivos básicos de fomento da organización sectorial e mellora da súa competitividade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria , en Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Susana Rodríguez Carballo

(asinado dixitalmente)

